

## Adverbios, conxuncións...

### Constituíntes xuntos

acotío  
adrede  
amais (de)  
amodo  
apenas  
arreo  
dabondo  
decontado  
decontino  
decote  
decotío  
deseguida  
deseguido  
devagar  
disque  
enseguida  
entremetres  
talvez

adverbios

dezaseis  
dezasete  
dezaioito  
dezanove  
douscentos  
trescentos  
catrocentos  
....

numerais

*conque* — conx. consecutiva (= 'polo tanto, daquela')

*porque* — conx. causal

*porqué* — substantivo (= 'motivo, razón')

*senón* — conx. adversativa; preposición

*demais* — pronome

### Constituíntes separados

a carón  
á présa  
a tempo  
de certo  
de repente  
de súpeto  
en fronte  
en seguida

adverbios

vinte e un  
vinte e dous  
vinte e tres  
vinte e catro  
vinte e cinco  
vinte e seis  
vinte e sete  
vinte e oito  
vinte e nove  
trinta e un  
....

numerais

*con todo* — loc. conx. adversativa (= 'non obstante')

*des que*  
*entre tanto* — loc. conx. temporais

*polo tanto* — loc. conx. consecutiva

*con que* — loc. conx. condicional (= 'se'); prep. + pron. relativo ou pron. interrogativo.

*por que* — prep. + pron. interrogativo.

*se non* — conx. condicional ou completiva + adv. de negación

*a máis* — artigo ou preposición + adv. de cantidade

*de máis* — loc. adv. de cantidade (= 'demasiado'); prep. + adv. de cantidade



## — Actividades

3. Completa cada serie de oracións coas palabras adecuadas do recadro que as precede.

*conque - con que*

- Confórmome ..... hoxe non nos marquen máis de dous goles.
- Dixéronnos que xa non había entradas ..... non puidemos ir ao concerto.
- ..... frecuencia acostumas ir ao ximnasio?
- Iso é como eu cho digo, ..... non lle deas máis voltas.
- O ordenador ..... traballa Xoán é xa moi vello.
- ..... estudes algo todos os días, aprobarás.

*porque - porqué - por que*

- Xabier agora pregúntase ..... Ana se anoxou con el.
- Agora teño sono ..... esta noite durmín mal.
- Gustaríame saber o ..... dos vosos risos.
- ..... queres ir de vacacións no mes de setembro?
- Collín o paraugas ..... parecía que ía chover.
- ..... corres tanto se temos tempo de sobra?

*senón - se non*

- ..... marchamos agora mesmo, chegaremos tarde ao cine.
- O médico non quere facerche dano, ..... curarte.
- Non fai nada ..... durmir e ver a televisión.
- Non comas máis ..... tes fame.
- Aquilo non era un lobo, ..... un raposo.
- Pregúntome ..... haberá por aí outro restaurante máis barato ca este.

*demais - de máis*

- Eu quero ir de viaxe a París e os ..... queren ir a Roma.
- Agora pensa só en poñerte mellor, o ..... non ten importancia.
- Eu non estaba cómodo na discoteca: alí había xente .....
- Temos necesidade ..... mantas porque as que hai son poucas.
- Viñeron todas: Ana, Carme e as ..... compañeiras de clase.
- É mellor que cales: estás a falar .....



4. Rodea cun círculo a forma correcta de cada par. Despois completa as oracións coas palabras correctas adecuadas.

disque - dis que

adrede - a drede

polotanto - polo tanto

dabondo - de abondo

arreo - a reo

enseguida - en seguida

entretanto - entre tanto

apenas - a penas

- Manuel antes visitábanos moito, pero agora ..... vén por aquí.
- Eu creo que el ten razóns ..... para estar anoxado convosco.
- De collermos este atallo, chegaremos á casa de Paulo .....
- Os bombeiros traballaron ..... para tratar de apagar o incendio.
- Non sei onde estará Xulia. .... ía facer unhas compras á vila.
- Eu cambieille o cueiro ao bebé. Marta, ....., preparoulle a merenda.
- Este é o quinto cartón amarelo de Ronaldo, ..... estará un partido sen xogar.
- Uns din que rompiches os pratos accidentalmente, outros din que foi .....

5. Indica, con palabras, o resultado das seguintes operacións matemáticas.

$$18 + 11 = \dots\dots\dots$$

$$8 \times 4 = \dots\dots\dots$$

$$56 - 31 = \dots\dots\dots$$

$$51 : 3 = \dots\dots\dots$$

$$13 + 15 = \dots\dots\dots$$

$$51 \times 4 = \dots\dots\dots$$

$$92 : 4 = \dots\dots\dots$$

$$42 - 26 = \dots\dots\dots$$

